



ADAPTACIÓN DE PROBAS

No caso de discapacidade deberase achegar a documentación acreditativa e, se solicita adaptacións, cubrir o anexo V da *RESOLUCIÓN do 25 de maio de 2022*. Prema [aquí](#).

A EOI poñerá esta circunstancia en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da xefatura territorial respectiva, **no prazo máximo dun mes, contado a partir da data de finalización da matrícula**, para que se determinen as adaptacións pertinentes, tendo en conta as medidas recollidas no anexo VI da Resolución do 10 de maio de 2012, pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación e de clasificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Resolución do 17 de decembro de 2014.

Non se recollerán solicitudes de adaptación máis aló do 30 de setembro, agás que o feito causante se produza durante o curso.